



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Tipoloxía Textual		Código	613445023
Titulación	Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	2
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Profesorado	Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo contrastivo dos diversos tipos textuais no seu contexto, atendendo ?entre outros? criterios de adecuación e eficacia. Detección, comprensión e solución dos problemas ligados ao uso contemporáneo de distintas formas textuais en contextos profesionais e con propósitos diversos. Técnicas e ferramentas para a creación e transformación das diferentes formas textuais (orais, escritas?).			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Que saiban utilizar as técnicas específicas de xestión e organización da información.
A2	Que sexan capaces de realizar buscas documentais sobre calquera asunto.
A3	Que saiban xestionar e organizar documentación.
A4	Que dominen o entorno virtual.
A7	Que dominen as técnicas e as estratexias da comunicación verbal.
A9	Que poidan realizar tarefas de revisión, corrección, supervisión e asesoramento lingüístico.
A10	Que sexan capaces de elaborar documentación específica: textos científicos, textos técnicos, textos publicitarios, textos xurídicos, etc.
A12	Que dominen a linguaxe específica de diferentes ámbitos profesionais.
A13	Que sexan capaces de realizar unha aproximación teórica aos problemas da terminoloxía.
A14	Que saiban desenvolver calquera tipo de texto oral ou escrito en diferentes ámbitos profesionais relacionados coa comunicación.
A15	Que posúan un dominio dos recursos lingüísticos especializados da lingua da súa elección (español/ galego/ inglés).
B1	Que posúan e comprendan coñecementos especializados no ámbito dos estudos lingüísticos e das tecnoloxías da comunicación.
B2	Que teñan capacidade para ser orixinais no desenvolvemento e aplicación de ideas.
B3	Que saiban aplicar os coñecementos adquiridos.
B4	Que teñan capacidade de resolver problemas en entornos novos ou pouco coñecidos nun contexto multidisciplinar.
B5	Que sexan capaces de integrar coñecementos diversos.
B6	Que saiban formular xuízos a partir dunha información que pode ser incompleta ou limitada.
B7	Que saiban realizar reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B8	Que sexan capaces de comunicar as súas conclusións e os coñecementos que as sustentan a públicos especializados e non especializados de forma clara.
B9	Que posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando e aprendendo dun modo autónomo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer e analizar contrastivamente os distintos tipos textuais e as súas posibilidades, nomeadamente os utilizados en contornos profesionais, así como algunhas técnicas e ferramentas para o seu manexo.	AP1 AP2 AP7 AP9 AP10 AP12 AP13 AP14 AP15	BP1 BP3 BP5 BP9	CM1 CM3 CM4 CM6 CM7
Diagnosticar e comprender os problemas ligados ao uso das formas textuais en situacións profesionais específicas, e deseñar e aplicar as solucións pertinentes tendo en conta as distintas variables: prácticas contemporáneas, situación de partida, medios humanos e materiais dispoñibles, destinatario/s, efecto/s pretendido/s, propósito?	AP1 AP2 AP3 AP4 AP7 AP9 AP10	BP1 BP2 BP3 BP4 BP5 BP6 BP7 BP8 BP9	CM1 CM3 CM5 CM6 CM7
Seguir e integrar na práctica profesional diaria as novidades teóricas e tecnolóxicas que se produzan, cun espírito crítico e práctico e adaptándoa ás novas tendencias. Integrarse nos equipos profesionais de traballo con actitude colaborativa, atendendo as demandas do noso contorno e, á vez, detectando carencias ou eivas non diagnosticadas. Deseñar, construír e aplicar solucións de forma eficiente.	AP1 AP2 AP3 AP7 AP10 AP12 AP14	BP1 BP2 BP4 BP5 BP7 BP8 BP9	CM4 CM5 CM7 CM8
Procurar un desempeño profesional creativo, eficiente e guiado pola ética profesional, contribuíndo á mellora do noso contorno profesional e ao avance social.	AP14	BP2 BP3 BP5 BP7 BP9	CM4 CM5 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Reflexións teóricas sobre os tipos textuais: principais propostas e problemas plantexados.	
2. Os tipos textuais na/s práctica/s profesional/es contemporánea/s.	
3. Estudos de caso e resolución de problemas.	
4. Consideracións finais sobre as competencias lingüísticas no desenvolvemento de textos orais e escritos na práctica profesional.	

Planificación



Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	2	2	4
Sesión maxistral	2	2	4
Lecturas	0	10	10
Solución de problemas	2	4	6
Estudo de casos	2	4	6
Traballos tutelados	0	10	10
Portafolios do alumno	0	1	1
Obradoiro	1	0	1
Aprendizaxe colaborativa	2	4	6
Análise de fontes documentais	1	0	1
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	É importante que o alumno participe nas discusións ou debates que o profesor ou calquera compañeiro de aula plantexe: deste xeito, estará a aplicar os coñecementos e técnicas adquiridos, axudará a crear ou resolver dúbidas dos demais, e aprenderá a traballar de xeito colaborativo. A actitude, argumentos e formas comunicativas que manteña o alumno deben ser as esperadas nun contexto académico universitario.
Sesión maxistral	A docencia maxistral terá unha escasa duración, xa que case todos os contidos teóricos figuran nas lecturas propostas, e o obxectivo fundamental desta materia é aprender a aplicar os coñecementos de tipoloxía textual do estudante. En todo caso, estará mesturada co debate de contidos en grupo, co estudo de casos e co plantexamento e resolución de problemas concretos, e vincularase estreitamente a estes.
Lecturas	O alumno deberá ler os textos propostos polo profesor previamente á celebración das sesións presenciais. A lectura principal será a obra "Afilas el lapicero. Guía de redacción para profesionales", de Daniel Cassany [modificarase esta proposta de aconsellalo as circunstancias.] Na aula resolveranse as dúbidas que os alumnos poidan ter sobre estas lecturas e, de consideralo necesario, proporánselle outras complementarias.
Solución de problemas	Na aula, plantexaranse algúns problemas relacionados co desenvolvemento práctico de tipos textuais. Estes problemas serán analizados e debatidos, e proporánselle solucións para eles cando for posible.
Estudo de casos	Na aula, plantexaranse casos prácticos concretos que serán analizados criticamente en grupo. O deseño e construción de solucións farase de xeito colaborativo, pondo en común as reflexións, ideas e dúbidas xurdidas.
Traballos tutelados	O alumno deberá desenvolver varias actividades avaliadas. O profesor prestaralle axuda no momento en que o precise e demande. Unha parte importante (se non a maior) das actividades terán carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo. Hai un traballo tutelado individual que terá o maior peso porcentual na avaliación do alumnado: resolver unha serie de preguntas e problemas a propósito da lectura obrigatoria do curso.
Portafolios do alumno	O alumno deberá completar todas as actividades que se lle encomenden. Todas elas serán obxecto de avaliación. Consistirán en (i) contestar unha listaxe de preguntas sobre unha obra de lectura, (ii) aplicar os coñecementos adquiridos a certos problemas e estudos de caso, e (iii) desenvolver propostas de texto feitas polos profesores.
Obradoiro	Constituirá a metodoloxía básica de traballo nas sesións presenciais e non presenciais. No obradoiro combinaremos distintas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas,) nas que desenvolveremos tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión do profesor, que nos permitan asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación. Os distintos materiais producidos formarán parte do portafolio do estudante.
Aprendizaxe colaborativa	Prestarase especial atención ao traballo en equipo, á colaboración en grupo. O plantexamento e dinámica da aula baséase na aprendizaxe colaborativa pero, ademais, avaliarase ao alumno pola súa forma de traballar cos compañeiros, xa que é esencial para un bo desempeño profesional.



Análise de fontes documentais	O estudante terá que facer algunhas lecturas obrigatorias previamente ás sesións presenciais pero, ademais, analizaremos distintas fontes documentais de diversa extensión para aclarar certos contidos, introducir outros, articular teses, promover o debate crítico... Tamén se lle proporcionará ao estudante unha listaxe de lecturas complementarias e obras de referencia que poida consultar cando o precisar.
-------------------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Solución de problemas Estudo de casos Traballos tutelados	A atención personalizada será unha constante nas actividades nas que primen o traballo colaborativo e a aplicación dos coñecementos adquiridos. Cando a actividade encomendada ou o desempeño do alumno o aconsellen, a profesora poderá atendelo puntualmente. O estudante debe resolver coa profesora calquera dúbida que se lle plantexe sobre os procedementos de traballo, obxectivo das actividades, contidos... Poden consultar o horario de titorías da profesora no taboleiro principal de información académica do centro. Poden concertar entrevistas individualizadas ou en grupo con el enviándolle un correo electrónico a nancy.vazquez.veiga@udc.es. O gabinete da profesora é o 112, e o seu teléfono o 981 16 70 00, extensión 1772.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Obradoiro	Baixo esta etiqueta recóllense todas as actividades e probas avaliábeis de carácter esencialmente práctico (análises, solución de problemas, estudos de caso, exercicios, ...) que deberá realizar o estudante. Lea atentamente o apartado de observacións.	40
Aprendizaxe colaborativa	Esta porcentaxe corresponde á asistencia, participación e desempeño do alumno ao longo do curso. Lea atentamente o apartado de observacións.	10
Traballos tutelados	Todas as actividades do curso serán tuteladas (solución de problemas, estudo de casos...), pero referímonos con esta etiqueta a unha serie de preguntas e problemas que se lle plantexarán ao estudante a propósito da lectura obrigatoria do curso, e que contestará por escrito de forma individualizada. Lea atentamente o apartado de observacións.	50
Outros		

Observacións avaliación

<p>Por esixencia do deseño da aplicación coa que se elabora esta guía docente, as etiquetas das metodoloxías que se recollen arriba non responden adecuadamente ao concepto polo que se outorga cada porcentaxe. Lea atentamente a información que segue. 1. Á hora de avaliar ao alumno, valoráranse: (i) os coñecementos adquiridos e a súa aplicación a casos prácticos; (ii) a competencia, creatividade e eficiencia amosadas nas actividades avaliábeis encomendadas; e (iii) o traballo continuado que desenvolva, a asistencia e participación nas sesións presenciais, a realización de calquera tarefa encomendada e a súa contribución activa aos debates plantexados. 2. A cualificación final do alumno responderá ao seguinte reparto porcentual: 2.1. Un 50% da nota valorará un/s traballo/s final, no que o alumno demostrará os coñecementos e competencias adquiridos no desenvolvemento do curso. Proporcionaráselle ao estudante unha listaxe de preguntas e/ou exercicios a desenvolver baseados fundamentalmente na obra obrigatoria de lectura: Daniel Cassany (2007). <i>Afilar el lapicero. Guía de redacción para profesionales (= Argumentos; 367)</i>. Barcelona: Anagrama. Pode modificarse a lectura obrigatoria escollida se así o aconsellan as circunstancias. 2.2. Un 40% da nota valorará as restantes actividades (presenciais e non presenciais), que o alumno realizará individualmente ou en grupo (estudos de caso, solución de problemas, análise de fontes documentais, elaboración e conversión de textos, análise de propostas online, debates, traballos prácticos?). 2.3. Un 10% da nota valorará a asistencia, participación e desempeño do alumno ao longo do curso. 3. No caso de non acadar o aprobado ou non presentarse, os alumnos contan cunha segunda oportunidade en xullo de 2012. Nela deberán completar as actividades e/ou traballos avaliábeis encomendados e non entregados, ou realizar outros novos seguindo as indicacións do profesor. O reparto porcentual será idéntico ao da primeira oportunidade.</p>

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Retórica Aplicada/613421121

Análise do Discurso/613421122

Observacións

O alumno deberá realizar unha autocrítica do seu labor, e o profesor proporcionaralle directrices para a súa mellora e recuperación. É moi importante que o alumno consulte co profesor as súas dúbidas, e atenda as orientacións que se lle proporcionaren e as correccións que se lle fixeren. É fundamental para isto asistir ás titorías colectivas e individuais, e revisar as actividades e traballos, unha vez corrixidos e avaliados.

O alumno xa traballou ou coñece moitos dos contidos teóricos desta materia, ou ten doado acceso a materiais e recursos con que adquirilos e/ou recordalos. Nesta materia preténdese que os alumnos apliquen eses coñecementos, poidan analizar criticamente as aplicacións que eles ou outros fan, e sexan conscientes das súas consecuencias e implicacións (lingüístico-técnicas, corporativas, legais e éticas). Nesta materia deberán fixarse ante todo na eficacia das técnicas utilizadas para conseguir o propósito perseguido, e deberán assimilar a idea de que é importante a formación continua e estar aberto a calquera ámbito e novidade discursivos para ser competentes no seu desempeño profesional.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías